

**Razón Social:****N.I.F.:**

En cumprimento do establecido nos vixentes Estatutos sociais, convocámolo/a á Xunta Xeral Ordinaria desta entidade, que se celebrará o día 12 de xullo de 2018 no Auditorio situado na Av. Tibidabo 17-19 de Barcelona, ás 11.30 horas, en primeira convocatoria e, en caso de non se poder celebrar por falta de quórum, ás 12 horas en segunda, segundo a seguinte:

**ORDE DO DÍA**

- a) Aprobación, se procede, das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2017, así como o destino e a distribución do resultado económico positivo anual.
- b) Aprobación, se procede, do Anteproxecto de Orzamento do exercicio do ano 2019.
- c) Reección de membros da Xunta Directiva que corresponde renovar e designación de cargos a teor do artigo 27 dos Estatutos vixentes.
- d) Ratificación dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a conseguinte aprobación da xestión dos órganos reitores.
- e) Designación de dous señores asociados asistentes á Xunta Xeral que deben asinar a Acta.

Informámolo/a de que as Contas Anuais e o Anteproxecto de Orzamento referidos, estarán á súa disposición a partir do próximo 2 de xullo na web pública desta entidade, accedendo a:

[http://www.mutuauniversal.net/es/export/sites/webpublica/.content/docs/Junta/Cuentas\\_anuales.pdf](http://www.mutuauniversal.net/es/export/sites/webpublica/.content/docs/Junta/Cuentas_anuales.pdf)

As condicións aplicables para a acreditación da lexitimación, a asistencia e o voto, tanto propio como por representación, serán as previstas nos artigos 26 e seguintes dos Estatutos Sociais.

No caso de que vostede non poida asistir á citada Xunta, pode delegar a súa representación por escrito en favor doutro asociado a esta Mutua Universal que asista a ela, debidamente asinado por vostede, polo seu representante ou apoderado con poder suficiente, especificando as instrucións para o exercicio do dereito de voto, o que pode facer devolvéndonos asinada a representación que se acompaña.

A representación acreditarase, se fose preciso, mediante a exhibición do Documento de Asociación ou do Documento de Proposición de Asociación. A personalidade acreditarase mediante a exhibición de calquera documento válido en dereito.

Saúdos cordiais.

O Presidente

JUAN ECHEVARRÍA PUIG

Barcelona, maio de 2018

---

Para os efectos da Xunta Xeral Ordinaria da MUTUA UNIVERSAL MUGENAT, Mutua Colaboradora coa Seguridade Social núm. 10, convocada para o día 12 de xullo de 2018, delego a miña representación e voto no Asociado

.....

con instrucións de voto a favor das propostas da Xunta Directiva. Toda delegación na que non se indique expresamente o asociado en quen se delega a representación considerarase conferida a favor do Presidente da Xunta Directiva ou do membro da Xunta designado por este.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

Sinatura e selo do asociado

**N.I.F.:****Razón Social:**